

NOTA DE PRENSA

NOVOS NOMES DE ESCRITORES E ARTISTAS

PARA AS AULAS DO IES *XULIÁN MAGARIÑOS*

23 de abril. Día do Libro 2018.

No marco da celebración do Día do Libro 2018, o IES *Xulián Magariños* de Negreira homenaxeará a sete persoas do ámbito da cultura, todas elas naturais do Concello de Negreira, autores de obra literaria, ensaística ou de creacións artísticas e falecidos nos últimos anos. As sete figuras que lles darán nome a outras tantas aulas do Centro son: os filósofos **Xosé Manteiga Pedrares** (Aro, 1934-2012) e **Xosé Calviño Pueyo** (Portor, 1943-1998), os artistas na pintura e na escultura **Xosé María Pérez Forxán** (Campelo, 1925-2000), **Andrés Barbazán Ferreiro** (Logrosa, 1926-2017) e **Antonio Caamaño García** (Negreira, 1937-2016), o xurista e presidente-fundador da Cooperativa Feiraco **Xesús García Calvo** (Logrosa, 1921-2011) e o teólogo xesuíta **Álvaro Barreiro Luaña** (Logrosa, 1936-2016). Esta relación é unha proposta da dirección do IES, comentada cos Departamentos Didácticos implicados nestas especialidades académicas, xa presentada á Comisión de Coordinación Pedagóxica e Consello Escolar, e que se espera aprobar proximamente no Claustro de profesorado do Centro.

Na mañá do luns, 23 de abril, vanse colocar as novas placas conmemorativas que lles darán nome a esas aulas do Instituto, como acto de recoñecemento a estes personaxes. Ademais, o alumnado do Centro encargárase de glosar a vida e obra de cada unha destas figuras, cando se descubran os rótulos que os identificarán. Este acto de tributo académico estará aberto á presenza de familiares e amigos dos homenaxeados, así como da veciñanza barcalesa.

Unha boa parte das aulas do IES *Xulián Magariños* xa mostra dende hai anos un conxunto de nomes representativos da Literatura de Galicia. En maio de 2016 incorporáranse a esa relación inicial seis personaxes vinculados ás letras comarcais e á plástica galega. Con esta actividade que agora se anuncia volve ensancharse esa listaxe con estas novas designacións, para que a comunidade escolar poña en valor os méritos destas persoas nos eidos da educación e da cultura barcalesas.

A data elixida nesta ocasión, no Día do Libro, cadra co 6º cabodano do falecemento do profesor Manteiga Pedrares. Antes dese día enviaráselle ós medios máis información, con referencias biográficas e bibliográficas dos sete persoeiros negreireses elixidos para esta homenaxe escolar.

DIRECCIÓN DO IES *XULIÁN MAGARIÑOS*.

Negreira, 16 de febreiro de 2018.